

EXPTE: 22/2016 – ENTIDADE LOCAL: “POLIZAS DE SEGUROS EN DISTINTOS RAMOS PARA GARANTIR OS RISCOS E CONTINXENCIAS DERIVADOS OU VINCULADOS Á ACTIVIDADE DO CONCELLO DE SANXENXO E DO ORGANISMO AUTÓNOMO TERRA DE SANXENXO”

ASUNTO: RESOLUCIÓN APROBACIÓN DO EXPEDIENTE E SUCESIVA TRAMITACIÓN, APROBACIÓN DO GASTO E DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Dada conta do expediente para a contratación da subministración enunciada e vistos os Informes emitidos pola Secretaría Municipal en data 23/09/2016 e pola Intervención Municipal en data 03/10/2016, esta alcaldía **resolve**:

Primeiro: Sinálase como orzamento máximo de licitación e valor estimado do contrato durante o ano 2017, **90.500,00 €**, facendo constar que esta actividade está exenta do Imposto sobre o Valor Engadido.



O orzamento máximo de licitación e valor estimado do contrato durante o ano 2018, é de **95.000,00 €**. O importe menor do orzamento máximo de licitación e valor estimado do contrato durante o ano 2017, con respecto aos do ano 2018, débese a que durante parte do ano 2017, algunhas das pólizas incluídas neste contrato non estaban en vigor durante toda a anualidade por estar vixentes as anteriormente contratadas polo Concello, tal e como se pode comprobar no anexo correspondente.

Polas dúas anualidades o orzamento máximo de licitación e valor estimado do contrato é de 185.500,00 €.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de data 12 de setembro de 2016, asinado polo alcalde desagregado en 3 ramos, Automóbiles que consta de 8 cláusulas e 1 anexo, Responsabilidade Civil que consta de 12 cláusulas Bens Inmóveis que consta de 12 cláusulas e 2 anexos; e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de data 12 de setembro de 2016, que consta de 22 cláusulas e 5 anexos.

Terceiro: Continuar a tramitación sucesiva do expediente coa publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP), Diario Oficial de Galicia (DOG) e no perfil do contratante do órgano de contratación que figura na páxina web do Concello, www.sanxenxo.es.

Cuarto: Prever a consignación orzamentaria do gasto, con cargo ás partidas presupostarias do orzamento separado da Entidade Local e do orzamento separado do Organismo Autónomo “Terra de Sanxenxo”, que de seguido se citan, por un importe máximo de licitación de **185.500,00 €**, polo período máximo de duración do contrato que é de dous anos.

<u>PARTIDAS PRESUPOSTARIAS DA ENTIDADE LOCAL</u>	
<u>CLASIFICACIÓN FUNCIONAL</u>	<u>CLASIFICACIÓN ECONÓMICA</u>
13201	22400 PRIMAS DE SEGUROS
13401	22400 PRIMAS DE SEGUROS
13601	22400 PRIMAS DE SEGUROS
16500	22400 PRIMAS DE SEGUROS
17004	22400 PRIMAS DE SEGUROS
17101	22400 PRIMAS DE SEGUROS
91201	22400 PRIMAS DE SEGUROS
92001	22400 PRIMAS DE SEGUROS
92006	22400 PRIMAS DE SEGUROS

<u>PARTIDAS PRESUPOSTARIAS DO O.A. TERRA DE SANXENXO</u>	
<u>CLASIFICACIÓN FUNCIONAL</u>	<u>CLASIFICACIÓN ECONÓMICA</u>
23102	22400 PRIMAS DE SEGUROS
23103	22400 PRIMAS DE SEGUROS
23106	22400 PRIMAS DE SEGUROS
32107	22400 PRIMAS DE SEGUROS
33004	22400 PRIMAS DE SEGUROS
33800	22400 PRIMAS DE SEGUROS
34210	22400 PRIMAS DE SEGUROS

Quinto: Dando cumprimento ao disposto no Real Decreto Lexislativo 3/11 de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, designar aos seguintes membros para constituír a Mesa de Contratación deste procedemento:

- Presidente: O Sr. alcalde-presidente do Concello, Don Gonzalo Gonzalo Pita.
- Secretario: O funcionario do Concello Don Celestino Otero Camiña.
- Vocais:
 - o O Interventor Xeral, Don José Juan Vidal Vilanova
 - o O Secretario Xeral, Don Ángel Luis López Pita
 - o O Concelleiro de desenvolvemento económico, emprego, facenda e comercio, Don David Otero Domínguez
 - o A Concelleira de persoal e seguridade cidadá, Dona Vanesa Rodríguez Búa

Dada en Sanxenxo o seis de outubro de dous mil dezaseis.

O alcalde

Gonzalo Gonzalo Pita

ante min, o secretario accidental

Celestino Otero Camiña